



**ORDENANZA FISCAL MUNICIPAL NUMERO 39**

**REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENCIA POLA TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, RENOVACIÓN, INSCRICIÓN REXISTRAIS E AS SÚAS MODIFICACIÓN E CANCELACIÓN.**

**ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.**

De conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 en relación co artigo da lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, establécese a taxa por prestación de servizos especiais de expedición de licenza pola tenencia de animais potencialmente perigosos, renovación, inscrición rexistrais e as súas modificacións e cancelacións.

**ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE**

O feito imponible da taxa é:

a actividade municipal conducente á verificación do cumprimento das condicións reguladas na "Ordenanza reguladora da licenza pola tenencia de animais potencialmente perigosos, do seu rexistro, da sección local do rexistro de animais de compañía" aprobada polo pleno do Concello en sesión do día 9 de agosto do 2002, para a concesión da licenza indicada

a actividade de control que se efectuará nas renovacións que da mesma deban verificarse, a tramitación, control e custodia que dela se establece e aqueles outros servizos que se recollen nas Tarifas desta ordenanza.

**ARTIGO 3. SUXEITO PASIVO**

1. Son suxeitos pasivos da taxa os propietarios de animais que soliciten a inscrición no rexistro municipal e que están obrigados á súa renovación

2. En particular serán suxeitos pasivos os titulares dos establecementos ou asociacións que alberguen animais potencialmente perigosos e se dediquen á súa explotación, cría, comercialización ou adestramento, incluídos os centros de adestramento, criadeiros, centro de recollidas, residencias, centros recreativos e establecementos de venda.

**ARTIGO 4. RESPONSABLES**

1.Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria-

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Ley Xeral Tributaria.

**ARTIGO 5. DEVENGO**

1.O devengo da taxa producirase coa solicitude de calquera dos actos ós que se refire o feito imponible

2. A non concesión da licenza, cando non sexa debido a incumprimentos formais do suxeito pasivo, dará lugar á devolución das cantidades autoliquidadas.

**ARTIGO 6. TARIFAS**

Epig.	ACTIVIDADE ADMINISTRATIVA	TOTAL €
1	Licencia de cans potencialmente perigosos	11,78
2	Ficha identificativa individual	5,88
3	Renovación de licenza	5,88
4	Inscrición no Rexistro A.P.P.	5,88
5	Inscrición no censo de animais de compañía	5,88
6	Modificacións rexistrais	5,88



7	Cancelación rexistral	5,88
---	-----------------------	------

Os actos ós que se refiren os epígrafes 1,3,4 e 7, cando se soliciten polos suxeitos pasivos a que se refire o numero 2 do artigo 3º, terán un recargo do 10 por cento.

#### **ARTIGO 7. INGRESO DA TAXA**

O ingreso da taxa efectuarase en réxime de autoliquidación e con carácter previo ó acto que o motiva.

#### **ARTIGO 8. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.S.**

En todo o relativo á calificación das infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas corresponden en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA**

Quedan excluídos da obriga de obtención da licenza municipal, aqueles exemplares caninos que foran obxecto de adestramento baixo a supervisión directa da ONCE e sexan destinados á guía de persoas invidentes.

#### **DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

A presente Ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 10 de novembro de 2011, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación definitiva no Boletín Oficial de la Provincia, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.